

CATEDRAL DE SANTIAGO: O SEU CONTORNO


A CATEDRAL

A fachada do Obradoiro na **Catedral de Santiago de Compostela** preside e domina a praza que leva o seu mesmo nome (Praza do Obradoiro), é o lugar onde os artesáns da pedra traballaron na súa construción. Foi construída entre 1738 e 1750 por Fernando de Casa e Novoa, é a máxima expresión do BARROCO en España. Dúas torres, inicialmente románicas, reafirman a súa verticalidade e o seu carácter de inmenso retablo: a torre das Campás na dereita e a torre da Carraca, na esquerda.

A excepción dos Anos Xubilares, en que o acceso principal realízase pola Porta Santa, o Obradoiro é a entrada máis característica da Catedral, accedese a ela a través dunha escalinata do século XVII. Penetrando no seu interior o viaxeiro queda sorprendido ante a máis valiosa creación do románico, o **Pórtico da Gloria** realizado polo Mestre Mateo a finais do século XII.

O ritual do pelegrín aconsella, primeiro, a posar a man no parteluz, sobre a mesma pegada que millóns de mans labraron na pedra e, despois, a dar tres *croques* na testa da figura do Mestre Mateo, o Santo dos Croques, situada do outro lado do parteluz.

O interior da Catedral permanece practicamente intacto e ofrece unha auténtica exhibición da sabedoría dos vellos mestres medievais. Presenta a característica distribución románica de **planta de cruz latina** con tres naves, e unha xirola cun rosario de capelas, románicas, barrocas ou neoclásicas, entre as cales é a do Pilar a considerada como a máis fermosa.



Espiritualmente o corazón da Catedral é o **Sepulcro do Apóstolo Santiago**, que se garda na cripta situada baixo o Altar Maior, cos restos de Santiago. Na parte superior, un pasillo atravesa transversalmente a xirola e permite abrazar ao Santo Apóstolo.

PRAZA DO OBRADOIRO

A máis moderna das construcións do Obradoiro (finais do século XVIII) é o **Pazo de Raxoi**, un compacto edificio neoclásico que actualmente comparten o Concello de Santiago e a Presidencia da Xunta de Galicia. Foi edificado por mandato do arcebispo Bartolomé de Raxoi e Losada e destaca no seu frontón central unha minuciosa descrición da batalla de Clavixo e sobre esta unha grande escultura de Santiago.

O lateral norte da Praza do Obradoiro ocúpao o **Hostal dos Reis Católicos**, fundado como hospital real e hospedaría de peregríns no século XVI polos reis Católicos. Hoxe é Parador de Turismo e un dos hoteis máis luxosos de Galicia. Mostra unha rica e variada decoración plateresca na súa portada e son notables os seus catro patios interiores.

Ante as grandes dimensións do resto dos edificios do Obradoiro resalta o humilde porte e o singular encanto do **Colexio de San Xerónimo**, que alberga o Reitorado da Universidade. A súa portada, unha fermosa peza do *románico tardío*, procede dun vello hospital.

Pecha este estudio do Obradoiro, o **Pazo de Xelmírez**, construído entre os séculos XII e XIII é considerado como a obra máis notable do *románico civil* en España. A sobriedade dos seus exteriores pode facernos esquecer, inxustamente, un interior de espléndidas pezas románicas, como as bóvedas do refectorio, decoradas con escenas de un festín medieval.

Sen saír da praza, desde a terraza exterior do Hostal, pódese contemplar, a Rúa das Hortas, coa **Igrexa de San Frutuoso** ao fondo, templo barroco do século XVIII onde chama a nosa atención a súa cornixa con catro esculturas que representan a Prudencia, a Xustiza, a Fortaleza e a Templanza.

PRAZA DAS PRATERÍAS

Os gremios medievais de prateiros deron nome á **Praza das Praterías** e á **fachada sur da Catedral**, onde se exhibe a única porta románica que se conserva. Aínda hoxe numerosos establecementos de xoiería animan a praza que ostenta no seu centro unha fonte de estilizada línea coñecida como a Fonte dos Cabalos. Fronte á fonte das Praterías érguese a **Casa do Cabildo**, de estilo barroco, que con pouco máis de tres metros de fondo ten unha función meramente escenográfica, pechar un dos lados da fermosa praza.

A maxestosa **Torre do Reloxo** ou “**Berenguela**” levanta os seus máis de setenta metros de altura mirando simultaneamente cara Praterías e cara a Praza da Quintana. Sobre unha base gótica, Domingo de Andrade realizou en pleno barroco a súa obra

cúmio e talando as súas paredes. No alto, a torre cobixa a campá da Berenguela, que marca o percorrer do tempo Compostelá co seu tanguido denso e potente.

PRAZA DA QUINTANA

Sen a maxestosa solemnidade da praza do Obradoiro, a **Praza da Quintana** é a máis impresionante pola súa desnudez pétreo. Punto de cita ineludible, é un espectáculo de luces e de sombras, tanto de día coma de noite. Dividida en dous planos, a parte de abaixo coñécese como a Quintana de Mortos e a de arriba como Quintana de Vivos. Nela sitúase o **“Pórtico Real”**, lugar de saída das procesións litúrxicas, e a célebre **“Porta Santa”**, aberta unicamente os anos de xubíleo.

O fronte sur da praza ocúpao a Casa dos Canónigos ou **Casa da Conga**, obra tamén de Domingo de Andrade rematada por Casas e Novoa (século XVIII), que destaca polas súas monumentais chemineas e acolle nos seus soportais agradables cafeterías. Fronte por fronte, do outro lado da praza, na Quintana de Vivos, chama a atención pola súa exuberante decoración vexetal a **Casa da Parra**.

O desconcertante muro do beneditino **Mosteiro de San Paio de Antealtares** (San Pelayo de Antealtares) pecha a Praza da Quintana polo seu lado leste. Esta parede case infinita na que asoman 48 fiestras enreixadas como nunha clamada ao silencio, é a admiración de arquitectos de todas as épocas. Aos seus pés, un inacabable asento de pedra sempre concorrido recolle os últimos raios do sol vespertino.

Seguindo o contorno da Catedral, a través do estreito calexón da Travesía da Quintana accedese a **fachada da Inmaculada** o Acibechería (Azabachería) na rúa do mesmo nome, onde o célebre gremio dos xoieiros traballaban e seguen a traballar este fermoso fósil. De factura barroca e neoclásica, resulta modesta en contraste có **Mosteiro de San Martiño Pinario** que enfronte, reflexa o poderío que alcanzou en tempos a orden beneditina chegando a competir coa Catedral e coa propia Inquisición. Destacan a súa fachada oeste e as súas gárgolas de fantasía así como os claustros interiores. A rehabilitada **Igrexa de San Martiño Pinario** é abrumadora polas súas dimensións e posúe ricos retablos. A súa fachada chégase a través das rúas máis recónditas da cidade, Campás de San Xoán e Moade Vella, para admirar unas sorprendentes escadas que se retorcen sobre sé mesmas.

GALICIA DIXITAL

Dende a Secretaría Xeral de Medios, conscientes da importancia da aplicación das novas tecnoloxías da información no eido da comunicación, tenta contribuír de forma decidida á difusión das creacións galegas mais avanzadas no eido do audiovisual e multimedia a través da presenza de “galiciadixital” en Internet.

Grazas a esta exposición, que pode visitarse no Mosteiro de San Martiño Pinario, en Santiago de Compostela, podemos ollar unha Galicia que procura unha mirada diferente, onde as novas tecnoloxías se conxugan co audiovisual e a tradición coa modernidade, permitindo novas formas de expoñer todas aquelas sensacións, imaxes, luces e sons que envolven a nosa comunidade.

“Galiciadixital”, cun novo pulo que subliña o seu carácter divulgativo e vangardista, ven a apostar pola libre participación das empresas do sector e centros públicos de investigación galegos mediante novos concursos de ideas que faciliten unha constante incorporación e renovación dos seus contidos para adecualos a unha actualidade en constante evolución.

Sirva esta pequena fiestra para acurtar distancias e gozar dun adianto da vosa visita, do que vos podeades atopar ao interactuar coas súas diferentes salas nunha experiencia onde se mestura o coñecemento e a diversión.

SITUACIÓN

